

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN POLA QUE SE FIXA CRITERIO INTERPRETATIVO SOBRE A DURACIÓN MÍNIMA DAS AXUDAS DO PROGRAMA DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS (IN606D)

En uso da habilitación prevista na disposición final primeira das ordes reguladoras do programa Doutoramentos Industriais (código de procedemento IN606D) correspondentes ás convocatorias dos anos 2024, 2025 e 2026,

RESOLVO:

Primeiro.– Establecer que a previsión relativa á duración mínima das axudas (18 meses na convocatoria 2024 e 24 meses nas convocatorias 2025 e 2026) do artigo 8.3 das bases se refire exclusivamente á determinación da duración inicial da axuda no momento da concesión.

Segundo.– En consecuencia, a dita previsión:

- Non implica unha obriga de permanencia mínima durante a execución da axuda por parte da entidade beneficiaria.
- Non determina por si soa a existencia de incumprimento nin a procedencia de reintegro en supostos de renuncia anticipada.

Terceiro.– A presente resolución será de aplicación ás convocatorias do programa Doutoramentos Industriais dos exercicios 2024, 2025 e 2026.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora da Axencia Galega de Innovación
Carmen Coteló Queijo

